

Modificacións nos servizos de transporte urbano durante a celebración da 44ª Carreira Pedestre Popular. Domingo 29 de outubro de 2023.

Con motivo da celebración da Carreira Pedestre o domingo 29 de outubro, as liñas do transporte urbano que operan en domingo verán modificados os seus horarios e percorridos durante o transcurso da carreira:

- **Nos horarios que non figuran neste documento, as liñas realizarán o itinerario habitual, tendo en conta que o restablecemento total do servizo dependerá da hora de finalización da carreira.**

As horas indicadas son referidas ás saídas das cabeceiras de liña en cada un dos casos.

Todas as paradas do transporte urbano nos itinerarios de desvío das liñas, serán paradas alternativas a demanda de usuarios e usuarias, onde poderán acceder e baixar dos autobuses en todas as liñas desviadas.

Liña 1: Cemiterio de Boisaca – Hospital Clínico:

Entre as **9:30 e as 12:30**, os autobuses da liña 1 realizarán o seguinte percorrido:

Hospital Clínico – Cemiterio de Boisaca: Hospital Clínico – Santa Marta – avda. Romero Donallo – **rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)** – avda. de Lugo – avda. Rodríguez de Viguri – Salgueiriños e itinerario habitual cara o cemiterio de Boisaca.

Cemiterio de Boisaca – Hospital Clínico: Cemiterio de Boisaca – avda. Cruceiro da Coruña – Salgueiriños – avda. Rodríguez de Viguri - avda. de Lugo – **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)** – avda. Romero Donallo – Santa Marta e itinerario habitual cara o hospital Clínico.

Liña 4: As Cancelas – Romaño:

Quedarán suprimidos os seguintes servizos:

- Saídas das Cancelas: **9:30, 10:30 e 11:30.**
- Saídas do Romaño: **10:00, 11:00 e 12:00.**

O servizo da liña quedará restablecido coa saída das 12:30 desde As Cancelas.

Debido á supresión da liña 4, quedarán suprimidos os pasos por Casas Novas nos horarios seguintes:

- *Saída das Cancelas pasando por Casas Novas ás 11:30.*
- *Saída do Romaño pasando por Casas Novas ás 11:00.*

Liña 5: Rocha – Vite:

Quedarán suprimidos os seguintes servizos:

- Saídas de Vite: entre as **9:30 e as 12:00.**

Os servizos da liña 5 con saída de Vite quedarán restablecidos coa saída das 12:30 da cabeceira en Vite.

Os servizos con saída de Rocha entre as **9:30 e as 12:00** terán como destino a **pza. Camilo Díaz Baliño** na zona de San Caetano. Quedarán restablecidos no seu traxecto coa saída das 12:30 da cabeceira na Rocha. Realizaranse as prolongacións habituais a Rocha Vella nos horarios establecidos.

Rocha – pza. Camilo D. Baliño: Rocha – itinerario habitual ata avda. de Ferrol – avda. Romero Donallo – **rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)** - avda. de Lugo – avda. Rodríguez de Viguri – cambio de sentido na rotonda có Camiño Francés e acceso á parada da pza. Camilo D. Baliño.

Pza. Camilo D. Baliño – Rocha: pza. Camilo D. Baliño – avda. Rodríguez de Viguri – avda. de Lugo - **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)** – avda. Romero Donallo – cambio de sentido na rotonda superior de Romero Donallo – avda. de Vilagarcía – García Prieto e itinerario habitual ata a Rocha.

Liña 6A: Aeroporto – San Marcos – Os Tilos:

Entre as **9:35 e as 12:05**, os autobuses da liña 6 realizarán o seguinte percorrido, sendo a súa parada máis céntrica nos dous sentidos a rúa do Hórreo, nas inmediacións da estación intermodal.

- Saídas do Aeroporto con variación de itinerario: de 9:35 a 12:05.
- Saídas dos Tilos con variación de itinerario: de 9:30 a 12:00.

Aeroporto – San Marcos – Os Tilos: itinerario habitual ata a rúa de San Lázaro – rúa París – rúa Londres – avda. de Lugo - **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)** – rúa Amor Ruibal e itinerario habitual ata Os Tilos.

Os Tilos – San Marcos – Aeroporto: Os Tilos – itinerario habitual ata Amor Ruibal – **rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)** – avda. de Lugo – rúa Londres – rúa París – rúa de San Lázaro e itinerario habitual cara San Marcos e Aeroporto.

Os traxectos en sentido Os Tilos poderán acceder pola rúa do Hórreo á parada da rúa da Rosa no entorno das 11:00, no momento en que se volvan a abrir ao tráfico as rúas cortadas no Ensanche.

Liña 7: Rúa Valle Inclán – Aríns:

Nas horas que se relacionan, o autobús realizará un percorrido alternativo. Nestas viaxes non se realizarán as seguintes paradas: rúa de Valle Inclán, Virxe da Cerca, Ensinanza, Fonte de San Antonio, praza de Galicia e rúa do Hórreo nº 23.

Saídas Aríns á rúa do Hórreo (carril bus)	Saídas rúa do Hórreo (carril bus) cara Aríns
	10:00
10:30	11:00
11:30	12:00

Rúa do Hórreo – Aríns: **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)** – avda. de Lugo – rúa Bernardo Barreiro – rúa Curros Enríquez – rúa Castrón Douro e itinerario habitual ata Aríns.

Aríns – rúa do Hórreo: Aríns – itinerario habitual ata a rúa Castrón Douro – rúa Curros Enríquez – rúa Bernardo Barreiro – avda. de Lugo e **rúa do Hórreo (acceso ao carril bus)**.

Liña 8: Vidán – Camiño dos Vilares:

Nas horas que se relacionan, a liña 8 realizará un percorrido alternativo, facendo a parada máis céntrica nos dous sentidos na rúa do Hórreo, nas inmediacións da estación intermodal:

Saídas Camiño dos Vilares ou tanatorio Boisaca	Saídas de Vidán
10:00	9:30
11:00	10:30
12:00	11:30

Vidán – Camiño dos Vilares: saída de Vidán – avda. Mestra Victoria Míguez – avda. Mestre Mateo – avda. Romero Donallo – **rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)** – avda. de Lugo – avda. Rodríguez de Viguri – rúa dos Irmandiños e itinerario habitual por Guadalupe e Camiño dos Vilares.

Camiño dos Vilares – Vidán: Camiño dos Vilares – rúa do Río – Guadalupe – rúa dos Irmandiños – avda. Rodríguez de Viguri - avda. de Lugo – **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)** – avda. Romero Donallo – avda. Mestre Mateo – avda. Mestra Victoria Míguez – Vidán.

Liña C2: Pza. Camilo D. Baliño – Fontiñas – hospitais – Vite – pza. Camilo D. Baliño:

Verase suprimida a saída da pza. Camilo Díaz Baliño das **10:15**. O servizo na liña reanudarase coa saída das 11:15.

Liña C11: Circular de Fontiñas:

Entre as **10:00** e as **12:00**, a liña C11 realizará o percorrido que se indica de seguido:

C.C. As Cancelas – rúa do Hórreo, inmediacións da estación intermodal: (saídas de C.C. As Cancelas ás 10:00, 10:40, 11:20 e 12:00).

C.C. As Cancelas – itinerario habitual por Fontiñas – avda. de Lugo - **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)**.

Rúa do Hórreo – C.C. As Cancelas:

rúa do Hórreo (parada 691, carril bus) – avda. de Lugo – rúa de Londres e itinerario habitual ata o C.C. As Cancelas.

A liña restablecerá o seu itinerario ao completo na saída das 12:40 do C.C. As Cancelas.

Realizaranse as prolongacións habituais dun domingo ata o multiusos e a CDC.

Liña P1: Pza. Camilo D. Baliño – Figueiras:

Quedarán suprimidos os seguintes servizos:

- Saída da pza. Camilo D. Baliño ás 10:30 e saída de Folgoso ás 11:00.
A liña reanudaré o servizo coa saída das 12:30 da pza. Camilo D. Baliño.

Liña P2: Pza. Camilo D. Baliño – Laraño:

Nas horas que se relacionan, o autobús realizará un percorrido alternativo. Nestas viaxes non se realizarán as seguintes paradas: Anxo Casal, Pastoriza, Basquiños, Santa Clara, San Roque, Virxe da Cerca, Ensinanza, Fonte de San Antonio, rúa da Senra, Xoan Carlos I e rúa Rosalía de Castro.

Saídas Laraño a pza. Camilo D. Baliño	Saídas pza. Camilo D. Baliño a Laraño
	9:30
10:00	11:30

Pza. Camilo D. Baliño – Laraño: pza. Camilo D. Baliño – avda. Rodríguez de Viguri – avda. de Lugo - **rúa do Hórreo (parada 694, fronte á est. intermodal)** – avda. Romero Donallo – Santa Marta e itinerario habitual ata Laraño.

Laraño – pza. Camilo D. Baliño: Laraño – itinerario habitual ata Santa Marta – avda. Romero Donallo – **rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)** – avda. de Lugo – avda. Rodríguez de Viguri – cambio de sentido na rotonda có Camiño Francés e acceso á parada da pza. Camilo D. Baliño.

Liña P3: Rúa Valle Inclán – Sta. Lucía - Susana:

Nas horas que se relacionan, o autobús realizará un percorrido alternativo. Nestas viaxes non se realizarán as seguintes paradas: rúa de Valle Inclán, Virxe da Cerca, Ensinanza, Fonte de San Antonio, praza de Galicia e rúa do Hórreo.

Saídas da Susana á rúa Hórreo (carril bus)	Saídas da rúa do Hórreo (carril bus) cara Susana
9:30	10:00
10:30	11:00
11:30	12:00

O servizo da liña co seu itinerario habitual quedará restablecido coa saída das 12:30 desde A Susana.

Rúa do Hórreo – A Susana: ***rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)*** – cambio de sentido na rotonda – rúa Amor Ruibal e itinerario habitual ata A Susana.

A Susana – Rúa do Hórreo: A Susana – itinerario habitual ata rúa Amor Ruibal – ***rúa do Hórreo (parada 691, carril bus)***.

Os traxectos en sentido A Susana poderán acceder pola rúa do Hórreo á parada da rúa da Rosa sobre as 11:00, no momento en que abran ao tráfico as rúas cortadas no Ensanche.

Pregamos desculpen as molestias que estas modificacións lles poidan ocasionar.